

## LITERATURA

## Galeusca 2004: a cidade e a palabra



Marcos Valcárcel

**R**ematado o roteiro de "A esmorga" de Blanco Amor, o domingo pola tardiña, escritores cataláns e vascos preguntaban se existía traducción ao castelán desta gran novela, pois quedaban fascinados pola forza só intuída das páxinas que escoitaron nesas horas, algúns xa a empezaron a ler en galego nesa mesma noiña. O Galeusca conseguía así un dos seus primeiros obxectivos, como dicía Carlos Negro, secretario da AELG nestes días: ensinar aos amigos e convidados vascos e cataláns "o mellor que temos". E que mellor agasallo, nas nosas letras, que as páxinas do Eduardo de Auriá?

Nos tres días de encontro e debates, axuntados un total de setenta autores das tres culturas periféricas, o Liceo ourensán e Allariz foron eco de voces máis plurais que nunca textos en galego, catalán e eúscaro, neste último caso coas traduccións ao noso idioma nas mans e dunha ringleira de interesantes debates sobre a cidade e a palabra: as nosas urbes galegas, as capitais do mundo e as cidades soñadas. Sería imposible facer aquí un resumo das principais intervencións: anotemos só que viaxamos desde Vigo (Fran Alonso) ata a Viñas de Savall do catalán Isidre Grau e ao Bilbao de Urtzi Urrutikoetxea. Fóra da Península as viaxes foron máis exóticas ou, cando menos, máis variadas: Tréveris, vista desde a historia e a melancolía por Marga do Val, Xerusalén desde o humor e a perspicacia de Miguel Anxo Murado, pasando tamén por Nova Iorque (David Tijero), Shanghai (Jon Abril) e Valencia-Portland (Jaume Pérez Montaner).

Cidades reais, pero sempre subxectivas, literaturizadas, construídas con palabras. Son as xen-



Daniel Atanes

Los participantes en el Congreso posan para la foto de familia en el Liceo.

tes e os escritores os que constrúen as cidades: velái unha idea recorrente en moitos dos ponentes. Un esforzo tantas veces negado: como contou Pérez Montaner, o cantor primeiro de Valencia, Vicent Andrés Estellés, nin sequera ten unha rúa co seu nome aló. E das cidades soñadas faloron Joan Agut, que afondou na Santa María de Onetti; Julen Gabiria; cunhas moi interesantes matizacións dos espazos entre a realidade e o imaxinario, e Xavier Queipo cunha completa descrición dos modelos de urbes utópicas que el considera: cidades-mandala, cidades-esteiro, cidade-compostela, cidade-mutante ou cidade-rayuela, entre outras. É de desexar a publicación das actas de todos estes

debates, dado o seu interese e orixinalidade.

Houbo tempo tamén para actividades paralelas concertos de música clásica e jazz- e para as homenaxes: a semblanza emocionada e os versos de Antón Tovar, a cargo de Delfín Caseiro, Xán Bobillo e Teresa Devesa; a presentación da antoloxía poética das tres linguas e culturas, co recitado dos galegos como Pilar Pallarés e Xavier Rodríguez Barrio; a mostra fotográfico-poética sobre O Papagaio coruñés de Maribel Longueira e Luísa Villalta; a intervención escénico-poética de Antón Lopo en Allariz sobre a cidade no espazo, etc. Houbo tamén algunhas sorpresas: por exemplo, a gabanza que o poeta valenciano Lluís

Alpera fixo de Matilde Lloria, autora tan valenciana como galega-ourensá, respectada por igual nas dúas literaturas.

E, finalmente, nas conclusións unha apelación constante ao diálogo entre as tres culturas, a denuncia das actitudes ilegais contra a nosa lingua do alcalde de A Coruña ou das autoridades autonómicas cando non esixen o cumprimento da Lei de Normalización no ensino e un convite aos alcaldes das nosas cidades: que contribúan a asentar a memoria literaria das urbes galegas desde os seus escritores, con instrumentos como os roteiros literarios ou o recoñecemento da súa obra sacando á rúa, de forma permanente, os versos con que eles mesmos as celebraron.